

Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para 2009 das axudas á paralización definitiva das actividades de pesca dos buques pesqueiros de acordo co Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica, cofinanciadas polo FEP.

O Regulamento (CE) 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP), establece para o período 2007-2013 as normas relativas á axuda estrutural comunitaria no sector pesqueiro. No devandito regulamento figuran, como un eixo prioritario, as medidas de adaptación da frota pesqueira, entre elas as axudas públicas para os propietarios de buques pesqueiros e os pescadores afectados por plans nacionais de axuste do esforzo pesqueiro.

Ademais, o FEP ten como finalidade contribuír ás medidas adoptadas desde a reforma de 2002 da política pesqueira común (PPC) co fin de reducir a presión sobre as poboacións de peixes, garantindo ao mesmo tempo unhas condicións sociais e económicas sustentables para o sector.

No contexto da situación económica actual e co aumento drástico dos prezos dos combustibles, existiu unha necesidade de adoptar medidas adicionais, que complementen e excepcionen algunhas disposicións do Regulamento (CE) 1198/2006 e permitan unha adaptación máis rápida da frota pesqueira comunitaria, de feito que o Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo, establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica.

Dentro das medidas específicas, este regulamento considera a posibilidade de establecer programas de adaptación da frota como novos instrumentos para reducir a capacidade das frotas e garantir a viabilidade a longo prazo deste sector. Os programas de adaptación da frota (PAF) están recollidos no artigo 12 do devandito regulamento e aplicaranse ás frotas e aos segmentos da frota en que os seus custos enerxéticos supoñan por termo medio polo menos o 30% dos custos de produción, e haxa unha redución permanente da capacidade da frota ou do segmento de frota a que se apliquen, de polo menos o 30%.

Ao abeiro do Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia adoptou o 30 de xuño de 2009 uns programas de adaptación da frota dos que forman parte unha lista pechada de buques.

O citado Regulamento (CE) 744/2008 exige, así mesmo, que no prazo de seis meses a partir da adopción do PAF, é dicir, o 31 de decembro de 2009, os buques cesen definitivamente nas súas actividades pesqueiras e establece o 31 de decembro de 2010 como data máxima de concesión da axuda.

Posto que os posibles beneficiarios están determinados e o período subvencionable vén establecido de forma pechada no Regulamento (CE) 744/2008, de conformidade co establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non resulta necesario o establecemento dunha orde de prelación no procedemento.

De acordo co previsto no artigo 31.6º da Lei 9/2007 citada e no artigo 62 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, poderán realizarse pagamentos á conta dun oitenta por cento (80%) do importe da axuda, unha vez acreditada a realización da actuación obxecto da axuda, ou sexa: o cesamento definitivo da actividade e a irrecuperabilidade para volver saír ao mar nos termos previstos nestas bases reguladoras. O beneficiario deberá neste caso constituír garantía mediante aval solidario de entidade de crédito, por importe do 110% das cantidades aboadas á conta, que deberá alcanzar, como mínimo, ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto nas bases reguladoras.

Por todo isto, e de acordo co disposto no artigo 30.1º 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa de aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

É obxecto desta orde aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para 2009, de axudas públicas á paralización definitiva das actividades pesqueiras dos buques que teñan porto base en Galicia, estean inscritos no Censo da Frota Pesqueira Operativa, no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia e estean incluídos nos programas de adaptación da frota adoptados nesta comunidade de conformidade co disposto no Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca e no Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica.

Artigo 2º.-*Finalidade.*

A finalidade das axudas desta orde é a paralización definitiva das actividades pesqueiras no marco dos programas de adaptación da frota para os buques do caladoiro de NEAFC (Gran Sol), buques palangreiros de superficie e para buques arrastreiros conxeladores adoptados ao abeiro do Regulamento (CE) 744/2008, de feito que esa redución supoña unha maior rendibilidade da frota pesqueira en xeral e dos segmentos de frota afectados polos programas en particular e a consecución dunha redución permanente da capacidade pesqueira dos segmentos de frota a que se apliquen de polo menos un trinta por cento (30%).

Artigo 3º.-*Marco normativo.*

Para o outorgamento e execución destas axudas haberá que aterse ao disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde así como nas seguintes normas:

a) Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, e resto de disposicións comunitarias aplicables.

b) Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica.

c) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

d) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

g) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

h) Se é o caso, normativa reguladora da tramitación anticipada de expedientes de gasto (orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001).

i) Normativa básica que dite o Estado relativa a estas axudas.

Artigo 4º.-*Crédito orzamentario.*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 50.02.723A.770.1 do orzamento de gastos da Consellería do Mar para 2009 por importe máximo de 38.250.952 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2009: 32.584.975 euros.

Anualidade 2010: 5.665.977 euros.

2. Estas axudas serán cofinanciadas polo Fondo Europeo da Pesca (FEP), de acordo co previsto nos Regulamentos (CE) número 1198/2006 e número 744/2008.

Artigo 5º.-*Requisitos dos beneficiarios.*

1. Requisitos xerais.

a) Poderán ser beneficiarios destas axudas os propietarios de buques pesqueiros que cumpran o requisito de actividade do punto 2.1º b) deste artigo, con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia

e inscritos no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia (RBPG)

b) O buque terá que estar incluído nos programas de adaptación da frota para buques pesqueiros do caladoiro de NEAFC (Gran Sol), de palangre de superficie e arrasteiros conxeladores adoptados pola Comunidade Autónoma de Galicia por resolución da Consellería do Mar do 30 de xuño de 2009.

Consideraranse igualmente incluídos nos programas de adaptación da frota os buques autorizados pola Consellería do Mar para substituír os incluídos inicialmente nos devanditos programas, respecto dos que se presentase renuncia á súa integración.

Unha vez efectuada por escrito a dita renuncia polo propietario dun buque, e remitida á Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, procederá a solicitude de substitución do buque obxecto de renuncia por outro que cumpra todos os requisitos e condicións exixidos polo Regulamento (CE) 744/2008 e polos programas de adaptación da frota adoptados pola Comunidade Autónoma de Galicia o 30 de xuño de 2009.

O prazo máximo para solicitar a substitución do buque será o previsto nesta orde para presentación de solicitudes.

A substitución así prevista deberá autorizala a Consellería do Mar antes de efectuar a proposta de resolución.

c) Os beneficiarios da axuda deben estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non deben ter débedas por ningún concepto coa Administración pública de Galicia. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor destas axudas para obter dos organismos competentes os certificados de que se atopa ao día no cumprimento das ditas obrigas. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado.

d) Non poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que solicitaran axuda á paralización definitiva ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrência competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, financiadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convocan para o exercicio 2009. En consecuencia, os buques integrados nos programas de adaptación da frota adoptados pola Comunidade Autónoma de Galicia, que a súa vez fosen solicitantes das axudas á paralización definitiva convocadas pola Orde do 17 de abril de 2009 mencionada no parágrafo anterior, deberán presentar renuncia á súa solicitude.

de no prazo previsto nesta orde para presentación de solicitudes.

2. Requisitos específicos e condicións.

2.1. Requisitos específicos.

a) O buque terá una idade mínima de 10 anos.

b) O barco deberá ter unha actividade pesqueira mínima de 120 días de pesca durante os dous anos anteriores a 30 de xuño de 2009, data de adopción dos programas de adaptación da frota. A actividade acreditarase mediante certificación da Capitanía Marítima ou, no caso de que esta se produza fóra da súa competencia, polo cónsul correspondente ou, no caso de caladoiros externos, pola Secretaría Xeral do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

c) O buque deberá estar operativo o 31 de xullo de 2008. A operatividade comprobara de oficio a Administración.

d) Que, ao solicitar a axuda, o buque estea libre de cargas e gravames, salvo que a súa cancelación estea suficientemente garantida ou se presente autorización expresa da entidade crediticia para solicitar esta axuda.

e) Que o buque obxecto da axuda non se achegara como baixa para unha nova construción ou modernización.

2.2. Condicións.

a) Unha vez producida a paralización definitiva o buque deberá ser excluído do Censo de Frota Pesqueira Operativa -como rexistro comunitario de buques pesqueiros- e dado de baixa do Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.

b) O buque debe ter cesado na súa actividade pesqueira como máis tardar a 31 de decembro de 2009, e deberá estar nesa data en porto. O cesamento da actividade acreditarase coa certificación de capitánía do depósito de rol que deberá ter lugar, como máis tarde, na data antes mencionada.

No suposto de que no momento de cesar na súa actividade o buque estea pescando no estranxeiro, o cesamento da actividade deberá acreditarse mediante certificación expedida pola autoridade competente da embaixada ou consulado correspondentes.

Artigo 6º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios, ao formalizaren a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións obxecto da subvención dentro dos prazos máximos que se establezan na res-

pectiva resolución de concesión, con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela.

b) Asumir as responsabilidades que puidesen derivar da realización da actividade obxecto da subvención, en particular todos os custos ocasionados desde o inicio do expediente de paralización definitiva ata o despezamento, que non serán subvencionables.

c) Achegar declaración responsable no momento de presentación da solicitude, diferenciando os campos establecidos no anexo IV da orde, que exprese a proporción existente entre os custos enerxéticos e os custos de explotación, así como a exactitude dos conceptos e importes declarados cos rexistrados na contabilidade e, de ser o caso, nas contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil. Con anterioridade a ditar a resolución de concesión de axuda, o dito extremo acreditarase mediante a achega de informe de auditoría subscrito por auditor independente inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

d) Presentar renuncia a súa solicitude, no caso de que o beneficiario solicitase axuda ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, anexo V da orde.

e) Presentar declaración ante notario que inclúa os termos establecidos no anexo VI desta orde.

f) Acreditar mediante declaración responsable que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

g) Someterse ás actuacións de comprobación que van ser efectuadas polo órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

h) Comunicar á consellería a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, tanto públicos como privados.

i) Acreditar con anterioridade a dítarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

k) Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar á Consellería do Mar calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foi concedida a axuda de que se trate.

l) O beneficiario terá a obriga de darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado con expresa mención á participación do fondo FEP, nos termos regulamentariamente establecidos.

m) No caso de frota que teñan dereitos de pesca asignados de forma individual, o armador do buque que se vaia paralizar está obrigado a que o 100% dos dereitos de pesca permanezan nun porto base da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo autorización expresa por unha causa xustificada do director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

A non presentación da documentación prevista nas alíneas c), d) e e) anteriores poderá dar lugar á imposibilidade de percibir na comunidade autónoma ningunha axuda pública cofinanciada polo FEP durante un período de 5 anos.

Tamén lles será de aplicación o previsto no parágrafo anterior aos propietarios de buques incluídos na resolución de aprobación de PAF que non presenten solicitude e retiren o barco do programa de adaptación da frota, agás que sexa autorizada a substitución por outro equivalente pola Consellería do Mar.

Aos solicitantes que no momento da entrada en vigor desta orde xa presentaran ante a Consellería do Mar os documentos das letras c) e e), de conformidade co establecido, non se lles requirirá a devandita documentación.

Artigo 7º.-*Contía das axudas.*

1. A contía das axudas está condicionada en todo caso á existencia de disponibilidades orzamentarias.

As contías das axudas serán como máximo as seguintes:

a) Prima por despezamento:

Categoría do buque por tonelaxe (GT)	Importe máximo da prima (euros)
0 < 10	$11.550 \times GT + 2.100$
10 < 25	$5.250 \times GT + 65.100$
25 < 100	$4.410 \times GT + 86.100$
100 < 300	$2.835 \times GT + 243.600$
300 < 500	$2.310 \times GT + 401.100$
500 ou máis	$1.260 \times GT + 926.100$

b) Prima no caso de que o buque se destine a tarefas non pesqueiras de carácter non lucrativo; mesmo baremo que o despezamento.

c) Prima no caso de que o buque se destine a tarefas non pesqueiras de carácter lucrativo: os importes máximos da prima por despezamento reduciranse nun 50%.

2. Os importes máximos veranse reducidos nun 1% por cada ano que supere os vinte anos ata un máximo de 30 anos ou máis.

3. As primas por paralización definitiva non serán acumulables con outra axuda comunitaria para a mesma finalidade. Estas primas reduciranse:

-Nunha parte do importe percibido anteriormente no caso de axuda á modernización dentro dos cinco anos precedentes á paralización definitiva. Esta parte calcularase proporcionalmente ao tempo transcorrido desde o remate dos traballos de modernización acreditada coa acta de fin de obra e a solicitude de paralización.

-No caso de perda do buque entre o momento da concesión da axuda e a paralización definitiva real, efectuarase unha corrección financeira equivalente á indemnización pagada polo seguro.

Artigo 8º.-*Compatibilidade das axudas.*

1. As axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada no regulamento do FEP para a contribución pública.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os ditos límites, procederase por resolución do órgano concedente á minoración da axuda concedida.

Artigo 9º.-*Solicitudes e tramitación.*

1. A solicitude presentárase de acordo co modelo do anexo I desta orde no Rexistro Único e de Información do complexo administrativo de San Caetano, ou en calquera das oficinas ás que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes incluírán un exemplar orixinal e dúas copias debidamente compulsadas da documentación que se relaciona a seguir:

a) Acreditación da personalidade.

a.1) Se o propietario é unha persoa física:

-Copia cotexada do DNI do propietario do buque.

a.2) Se o propietario é unha persoa xurídica, deberá achegarse:

-Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.

-Copia cotexada do DNI do representante.

-Certificación rexistral actualizada en que figure a constitución da sociedade e os estatutos vixentes.

-Poder suficiente do representante no caso de que tal poder non figure na certificación rexistral da epígrafe anterior.

a.3) Se o propietario é unha pluralidade de persoas sen personalidade xurídica:

i) A solicitude normalizada conterá a designación dun representante e será subscrita por todos os propietarios.

ii) Copia cotexada do DNI de cada un dos propietarios da embarcación.

iii) Compromiso de execución asumido por cada membro da agrupación de persoas, subscrito por todos os propietarios.

iv) Compromiso de non disolución da agrupación ata que transcorra o prazo de catro anos desde a concesión da axuda, subscrito por todos os propietarios.

b) Anexo II de declaración doutras axudas.

c) Anexo III de compromiso de retirada da actividade pesqueira.

d) Certificación do Rexistro Mercantil en que conste a titularidade e o estado de cargas ou gravames do barco.

e) Certificación de despachos, acreditativa de que o buque foi despachado para a actividade pesqueira exixida no artigo 5.2.1º b) expedida polas autoridades previstas na devandita alínea.

f) Copia certificada e actualizada da folia de asento da inscrición marítima do buque.

g) Relación de pescadores que formen parte da tripulación do buque obxecto da solicitude de paralización cos NIF e número de afiliación no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, no momento do cesamento da actividade (se na data de presentación de solicitudes xa cesou a devandita actividade) ou da solicitude da axuda (se aínda non a cesou), conforme o modelo do anexo VII da orde, xunto coa fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol de dotación do buque. No suposto de que no momento da convocatoria das axudas o buque estivese pescando en caladoiros afastados e acredítase a imposibilidade de achegar no momento da solicitude a fotocopia compulsada do rol, poderá presentar a devandita documentación no momento da xustificación e con carácter previo ao pagamento da axuda.

h) Certificación bancaria da conta da que sexa titular o solicitante en que se faga constar o código da entidade e da sucursal e o número de conta.

No caso de que o propietario sexa unha pluralidade de persoas sen personalidade xurídica, a certificación bancaria debe ser dunha conta en que sexan titulares todos os propietarios.

i) Declaración responsable nos termos establecidos no anexo IV de xustificación dos custos enerxéticos do buque respecto dos custos de produción,

baseado na conta de explotación dos doce meses precedentes ao 1 de xullo de 2008.

j) Anexo V de renuncia a súa solicitude, no caso de que o beneficiario solicitase axuda ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros.

k) Declaración ante notario onde se faga constar expresamente o establecido no anexo VI .

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

4. O Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota, no seu carácter de órgano instructor destes expedientes, analizará os expedientes e requirirá a documentación necesaria de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos e a súa acreditación, o Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota elaborará unha relación dos beneficiarios que cumpren os requisitos e condicións establecidos na orde e dos que non os cumpren, indicando a causa. Elaborará, así mesmo, un informe sobre o cumprimento dos requisitos establecidos polo Regulamento (CE) 744/2008, para cada un dos programas de adaptación da frota.

7. De acordo co previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, non será preciso fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas, tendo en conta a contía do crédito con cargo ao cal se financiarán estas axudas e o número máximo posible de solicitudes. Non obstante, os criterios de selección do artigo 11º utilizaranse para asignar entre os beneficiarios as dispoñibilidades orzamentarias das anualidades de 2009 e 2010.

8. A información do punto 6 deste artigo trasladarase á Secretaría Xeral do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. Acadado o acordo entre ambas as administracións, o Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota procederá a formular a proposta de resolución das solicitudes seleccio-

nadas aplicando os criterios establecidos no artigo 11º para cada un dos programas.

9. A proposta de resolución notificarase aos interesados, co fin de que no prazo de dez días acheguen o informe de auditoría dos custos enerxéticos e manifesten, de ser o caso, o seu interese de acollerse ao establecido no artigo 15, punto 4 destas bases, respecto aos pagamentos a conta.

Artigo 10º.-*Subrogación.*

1. Como norma xeral non se admitirá a subrogación dun novo propietario do barco na condición de solicitante ou beneficiario das axudas salvo por falecemento ou porque o novo sexa resultante dun proceso de fusión, un cambio de denominación da empresa ou transformación do tipo de sociedade. Deberase indicar que o que se subroga debe reunir as condicións para ser beneficiario que derivan desta orde. En todos os casos, deberase contar coa autorización previa da Consellería do Mar.

2. En calquera caso, o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

Artigo 11º.-*Criterios de selección.*

1. Os criterios de selección de expedientes serán os seguintes:

-Se o buque cumpre os requisitos e condicións para acollerse á paralización definitiva prevista no artigo 23 do Regulamento (CE) 1198/2006 no ano 2009: 20 puntos.

-A idade do buque.

*0 puntos se o buque ten dez anos.

*1 punto por cada ano se o buque ten desde 11 e ata os 20 anos.

*2 puntos por cada ano se o buque ten desde os 21 e ata os trinta ou máis.

En caso de igualdade de puntuación priorizarase o buque cuxos custos enerxéticos representen unha porcentaxe maior sobre os custos de produción e, de seguir o empate, o de maior arqueo (GT).

Se segue o empate, priorizarase o que antes presentase a solicitude.

Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. A resolución de concesión adoptaraa o director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, por delegación da conselleira do Mar, en virtude do previsto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As devanditas resolucións adoptaranse unicamente unha vez que quede acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos polo Regulamento (CE) 744/2008 para o conxunto dos programas de

adaptación da frota. No caso de que un programa non cumpra os ditos requisitos, quedará anulada a convocatoria de axudas para os buques nel incluídos e quedaran sen efecto as renuncias realizadas ao abeiro do artigo 5º.1 e) desta orde.

2. Tendo en conta: primeiro, que as axudas previstas nesta orde van dirixidas a un censo pechado de beneficiarios e que o seu cálculo está feito de xeito individual para cada un deles (de acordo co previsto no anexo II do Regulamento (CE) número 1198/2006); segundo, que as dispoñibilidades orzamentarias no ano 2009 non permiten imputar o 100% da axuda prevista á dita anualidade, reservándose unha cantidade para a anualidade 2010, e terceiro, que no artigo 15º.4 desta orde se regula a posibilidade de pagamentos á conta do 80% da axuda, ao que está previsto que se acollan a maior parte dos beneficiarios, para optimizar a disposición de crédito, as resolucións de concesión da axuda poderán emitirse para cada beneficiario imputando parte do crédito á anualidade de 2009 (ata un máximo do 80% da axuda prevista) e parte á anualidade de 2010 (o 20% restante.)

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de seis meses desde a data de publicación desta orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Unha vez notificada a resolución estimatoria ao solicitante, este terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación expresa cubrindo o anexo VIII desta orde.

Artigo 13º.-*Recursos.*

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo o caso.

Artigo 14º.-*Alteración das condicións da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en particular, a obtención concorrente de subvencións e axudas outorga-

das por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e o incumprimento dos prazos de materialización da paralización definitiva, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 15º.-Forma de materialización da paralización definitiva e prazo.

1. A paralización definitiva das actividades pesqueiras dun buque pesqueiro só poderá lograrse mediante:

a) O despezamento ou afundimento substitutorio do buque pesqueiro.

b) Asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.

c) Reconversión para crear arrecifes artificiais logo da avaliación do impacto ambiental e do cumprimento dos obxectivos que se indican no artigo 38, punto 2, letra a) do Regulamento do Fondo Europeo da Pesca.

2. O prazo para a materialización do despezamento sinalarase na correspondente resolución de concesión da axuda, non excedendo en calquera caso o 31 de decembro de 2012 fixado no Regulamento (CE) 744/2008.

3. Excepcionalmente, logo de solicitude do interesado, poderá concederse unha prórroga por resolución do órgano concedente e deberá formularse a dita solicitude dentro do prazo de execución indicado na resolución. Se a prórroga é concedida, no prazo de dez días hábiles desde a súa notificación ao interesado, deberá presentarse un aval dun cinco por cento do importe da prima concedida, que será depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda.

4. Poderán realizarse pagamentos á conta do oitenta por cento do importe da axuda, cando o beneficiario xustifique o cesamento definitivo na súa actividade pesqueira mediante o depósito do rol na Capitanía Marítima e a irrecuperabilidade para tarefas pesqueiras mediante o seccionamento da hélice propulsora. Para proceder ao devandito pagamento o interesado deberá presentar solicitude deste xunto con certificación de Capitanía do depósito do rol. O seccionamento da hélice será verificado mediante acta do enxeñeiro naval ao abeiro do convenio asinado entre a Consellería do Mar e o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais. Se o seccionamento da hélice se fai noutra comunidade autónoma, deberán presentar certificación emitida polos servizos correspondentes da devandita Comunidade, e se se fai no estranxeiro, deberá acreditarse mediante certificado dun organismo ou entidade habilitado para tal fin coa inescusable intervención das autoridades españolas.

O beneficiario está obrigado neste caso a constituír garantía mediante presentación de aval solidario

de entidade de crédito no prazo de quince días a partir da resolución de concesión, na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda. Este prazo poderá ser ampliado polo órgano concedente cando concorran circunstancias que dificulten a súa formalización no prazo sinalado.

A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades que se aboan á conta e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación.

A Administración poderá verificar, de oficio ou mediante requirimento aos interesados, a documentación acreditativa de que o buque está parado e non realiza actividade pesqueira dende o momento do cesamento da actividade e ata que teña lugar o despezamento do buque.

Antes de calquera pagamento, incluído o pagamento á conta, deberá quedar acreditada a irrecuperabilidade a que fai referencia o punto 4 deste artigo.

Artigo 16º.-Xustificación e pagamento da axuda.

1. O pagamento da axuda por paralización definitiva ata acadar o seu importe total realizarase unha vez presentada a seguinte documentación:

a) Acreditación da materialización da paralización definitiva:

-No caso de despezamento: certificación da capitánía marítima correspondente acreditativa de que o buque foi efectivamente despezado e baixa no Censo da Frota Pesqueira Operativa. Se se realizase nun porto fóra do ámbito de Comunidade Autónoma de Galicia, acreditarase seguindo o establecido no artigo 15.4º.

-No caso de reconversión para actividades non relacionadas coa pesca: baixa no Censo da Frota Pesqueira Operativa e resolución de autorización de materialización da paralización mediante a súa asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.

-No caso de reconversión para crear arrecifes artificiais: baixa no Censo da Frota Pesqueira Operativa e autorización do órgano que sexa competente.

b) Anexo II relativo á declaración doutras axudas.

c) Acreditación de ter notificado formalmente a todos os tripulantes a concesión da axuda por paralización definitiva do buque, mediante a presentación do documento de comunicación que se une como anexo IX desta orde, debidamente cuberto, acompañándoa coa fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol do buque no momento do cesamento da actividade pesqueira.

d) Certificado do Rexistro Mercantil de estar libre de cargas se hai cambios respecto do achegado coa solicitude.

e) Fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol de dotación do buque, caso de que non se achegase no momento da solicitude.

f) Calquera outra documentación que se indique na resolución de concesión da axuda.

Artigo 17º.-*Reintegro das axudas.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para o devandito procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

3. Serán causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C 84/06), a comisión de infracción polo beneficiario ao dereito comunitario e, en especial, ás normas da política pesqueira común, durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

Artigo 18º.-*Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007 e no Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 19º.-*Autorizacións do beneficiario.*

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas conforme o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral de la Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao día nas obrigas tributarias e

de Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderanlle ser requiridos ao beneficiario.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. De conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Así mesmo, os beneficiarios deberán cumprir co establecido no artigo 32 do Regulamento (CE) nº 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo de 2007, que establece as disposicións sobre información e publicidade en relación co financiamento do Fondo Europeo da Pesca que debe observar o beneficiario destas axudas, de ser o caso.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde observase o disposto na normativa mencionada no artigo 3 (marco normativo), así como nas prescricións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delégase no director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Pesca

PROCEDEMENTO AXUDAS Á PARALIZACIÓN DEFINITIVA DOS BUQUES PESQUEIROS DO PROGRAMA DE ADAPTACIÓN DA FROTA (PAF)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE104H	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS SOLICITANTE

APELLIDOS		NOME		NIF
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIJO	
TELÉFONO MÓBIL	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

E, na súa representación:

APELLIDOS		NOME		NIF
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIJO	
TELÉFONO MÓBIL	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO BUQUE PESQUEIRO INCLuíDO NO PAF

NOME BUQUE	MATRÍCULA E FOLIO
MODALIDADE DE PESCA	CALADOIRO
ARQUEO (GT)	POTENCIA (Kw)
	IDADE

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR

- 1) A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade a que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes de pagamento coa Administración.
- 2) A facer públicos nos rexistros do artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.
- 3) A publicar, en virtude do artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, na páxina web da Consellería do Mar, o feito de ser beneficiario dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.

DECLARO: Non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Regulamento (CE) 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.
-Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo de 2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica.
-Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para 2009 das axudas á paralización definitiva das actividades de pesca dos buques pesqueiros de acordo co Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo de 2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica, cofinanciadas polo FEP.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona como solicitante da axuda por paralización definitiva a través dos programas de adaptación da frota (PAF) do buque pesqueiro

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN RESPECTO DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO

Axudas concedidas:

- ☐ Non se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- ☐ Si se concederon axudas para este mesmo proxecto.

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Importe €</i>	<i>Convocatoria no diario oficial</i>	<i>Data da convocatoria</i>	<i>Data da resolución</i>	<i>Entidade concedente</i>

Axudas solicitadas:

- ☐ Non se solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- ☐ Si se solicitaron axudas para este mesmo proxecto.

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Importe €</i>	<i>Convocatoria no diario oficial</i>	<i>Data da convocatoria</i>	<i>Data da solicitude</i>	<i>Entidade que convoca</i>

Lugar e data

, de de

Sinatura

*ANEXO III***COMPROMISO DE RETIRADA DA ACTIVIDADE PESQUEIRA**

O/A solicitante [] comprométese a cesar con carácter definitivo a actividade pesqueira do buque (nome/matricula e folio) [] como máis tarde na data 31-12-2009, depositando a documentación pertinente e dándose de baixa nos rexistros correspondentes, materializando efectivamente a paralización definitiva dentro do prazo, polo procedemento que sinalo a continuación:

☐ Despezamento.

☐ Asignación definitiva á tarefa non pesqueira seguinte:

☐ Reconversión para crear arrecifes artificiais.

Lugar e data

, de de

Sinatura

*ANEXO IV***DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN AOS CUSTOS ENERXÉTICOS**

D./Dña. [], co documento nacional de identidade nº [], como responsable da contabilidade da empresa [], con enderezo en [], e código de identificación fiscal núm. [] por medio da presente,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

- Dos rexistros contables da sociedade [] extraéronse os datos do período que vai do 1-7-2007 ao 30-6-2008 que a continuación se relacionan e que se detallan nos extractos do libro maior que se xuntan no cadro abaixo indicado.
- Que todos os gastos declarados se corresponden con exactitude numérica e conceptual cos aparecidos no libro de IVE, libro maior, libro diario de contabilidade e contas anuais depositadas no rexistro mercantil correspondente nos períodos 2007 e 2008, e que os devanditos gastos se desagregan de acordo aos conceptos de gasto do cadro de gastos de explotación abaixo indicado.
- Que a existencia dos gastos declarados, así como a relación dos gastos rexistrados na contabilidade e a clasificación dos importes de acordo co cadro de gastos de explotación abaixo indicado, poderán verificalos tantas veces sexa necesario -tanto as auditorías internas e externas pertinentes, como a Administración pública-, e para tal fin entregaranse todos os documentos que permitan desenvolver as tarefas de auditoría, técnicas e económicas durante os períodos 2007 e 2008.

ANEXO IV
(continuación)

**CUSTOS DE EXPLOTACIÓN E CUSTOS ENERXÉTICOS QUE SE DEBEN CONSIDERAR PARA OS EFECTOS DO
ESTABLECIDO NO ARTIGO 12 DO REGULAMENTO (CE) 744/2008**

GASTOS DE EXPLOTACIÓN	
CONCEPTO	IMPORTE
<i>Aprovisionamentos</i>	
6080 Devolucións de compras de mercadorías	
602 Compras doutros aprovisionamentos	
612 Variación de existencias doutros aprovisionamentos	
<i>Gastos de persoal</i>	
640 Soldos e salarios	
642 Seguridade Social a cargo da empresa	
649 Outros gastos sociais	
<i>Outros gastos de explotación</i>	
621 Arrendamentos e cánons	
622 Reparacións e conservación	
623 Servizos de profesionais independentes	
624 Transportes	
625 Primas de seguros	
626 Servizos bancarios e similares	
628 Subministracións	
629 Outros servizos	
631 Outros tributos	
659 Outras perdas en xestión corrente	
TOTAL	
CUSTOS ENERXÉTICOS	
CONCEPTO	IMPORTE
<i>Aprovisionamentos</i>	
602.XXX Combustibles	
602.XXX Lubricantes	
624.XXX Transportes	
628.XXX Subministracións eléctricas	
TOTAL	

Lugar e data

, de de

Asdo.:

ANEXO V

RENUNCIA ÁS AXUDAS DE PARALIZACIÓN DEFINITIVA

O/A solicitante

, con DNI

DECLARA:

Que solicitou axudas á paralización definitiva ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2009 (DOG do 23 de abril) na convocatoria do ano 2009 para o buque (nome, matrícula e folio) e que mediante este escrito RENUNCIA á solicitude da devandita axuda.

Lugar e data

, de de

Sinatura

ANEXO VI

Termos en que debe estar a declaración ante notario de non abandonar o Plan de adaptación da frota (PAF)
Declaración xurada

Eu _____ con DNI _____, en nome, con plena capacidade de obrar e en representación da empresa _____ (CIF _____), con enderezo en _____, constituída en escritura autorizada ante notario _____, con data _____, inscrita no Rexistro Mercantil _____ desempeño tal representación en calidade de _____ da citada empresa, en virtude de escritura de _____, con data ____ nº ____ outorgada ante o/a notario/a do Colexio de _____ D./Dna. _____.

COMPAREZO ante (notario público _____) para DECLARAR BAIXO XURAMENTO que:

-Presentei ao Plan de adaptación da frota adoptado pola Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co previsto no Regulamento (CE) número 744/2008, o buque denominado _____, matrícula _____.

-Que o destino do dito buque, no marco do citado plan, é o despezamento.

-Que me comprometo a que o buque cese na súa actividade na data límite do 30-12-2009, seis meses despois da adopción do plan.

-Que me comprometo a non retirar este barco do plan polos prexuízos que ocasionaría a terceiros.

-Que me comprometo a realizar o despezamento do buque no prazo indicado na orde de convocatoria das axudas para os barcos incluídos no Plan de adaptación da frota e a correspondente resolución de concesión e, en todo caso, antes do 31-12-2012.

-Que, de ser o caso, me comprometo a renunciar á solicitude de axuda presentada ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2009 (DOG do 23 de abril) pola que se convocan axudas á paralización definitiva financiadas polo Fondo Europeo da Pesca. Esta renuncia fareina efectiva como máis tardar cando se publique a orde de convocatoria de axudas de paralización definitiva para os buques integrados no Plan de adaptación da frota e, en calquera caso, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

.....dede 2009.

Asdo.

ANEXO VII

RELACIÓN DE TRIPULANTES ENROLADOS NO BUQUE ATA A DATA DO CESAMENTO DA ACTIVIDADE PESQUEIRA OU PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDAS AO ABEIRO DESTA ORDE

O/A solicitante

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a relación de pescadores que forman a tripulación do buque pesqueiro debidamente enrolados, ata o cesamento da actividade pesqueira ascende a un total de tal como se desprende do rol de despachos do buque, e son os seguintes:

NOME DO TRIPULANTE	Nº DO DNI	Nº DE AFILIACIÓN SS.SS.

Lugar e data

, de de

Sinatura

ANEXO VIII

ACEPTACIÓN DA AXUDA

D./Dña. , propietario/a do buque ao/á que lle foi concedida unha axuda ao abeiro da Orde con data , pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas á paralización definitiva das actividades de pesca dos buques pesqueiros de acordo co Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo de 2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica, financiadas polo FEP.

En virtude da devandita resolución DECLARO que:

☐ Acepto a axuda.

☐ Non acepto a axuda e, como consecuencia, asumo as responsabilidades e penalizacións que poidan derivar dela.

Lugar e data

, de de

Sinatura

ANEXO IX

NOTIFICACIÓN AOS TRIPULANTES DA CONCESIÓN DA AXUDA POLA
PARALIZACIÓN DEFINITIVA DO PAF

D./Dña. _____, ao/á que se lle concedeu unha axuda mediante resolución con data _____ pola paralización do buque _____ integrado nos programas de adaptación de frota adoptados pola Comunidade Autónoma de Galicia,

ACREDITO:

A notificación formal que consta a seguir a todos os tripulantes do dito barco, debidamente enrolados no mesmo momento do cesamento da actividade.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

NOTIFICACIÓN AOS TRIPULANTES

Ponse en coñecemento, en cumprimento da normativa autonómica e básica do Estado, o seguinte:

1. Ao propietario do buque pesqueiro _____ concedéuselle unha axuda pola paralización definitiva ao abeiro dos programas de adaptación da frota.
2. Como tripulante do dito barco, pode ser beneficiario dunha axuda socioeconómica prevista no Regulamento (CE) 1198/2006, do 27 de xullo (DOUE do 15 de agosto), e Regulamento (CE) 744/2008, do 24 de xullo de 2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica, se a solicita e reúne todos os requisitos para isto.
3. A axuda socioeconómica ten carácter estrutural, está vinculada á reestruturación do sector pesqueiro e é totalmente independente da relación laboral entre o tripulante e a empresa armadora.

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

Sinatura

NOTIFICADO E INFORMADO

Nome: _____

DNI: _____

Sinatura

Sinatura